


Exposición

Victoria Gil. Coser el río

Fundación Luis Seoane

Do 22 de marzo ao 1 de setembro

Comisaria: Esther Regueira Mauriz



Victoria Gil. *Houdina*, 2023. Serigrafía sobre aluminio

Coser el río é un percorrido pola produción plástica de Victoria Gil (Badajoz, 1963), unha das primeiras artistas españolas cuxa obra estivo posicionada nas correntes feministas desde practicamente os seus comezos na década dos 80.

Organizada polo C3A Centro de Creación Contemporánea de Andalucía e CAAC Centro Andaluz de Arte Contemporáneo, en colaboración coa Fundación Luis Seoane e o Museo Extremeño e Iberoamericano de Arte Contemporáneo, a mostra presenta un diálogo entre os traballos máis recentes da creadora, pertencentes

a series como *Los locales trabajan* (2023), *Estaban tan tranquilas* (2023) ou *Las casas gitanas* (2019-2022), creados específicamente para este proxecto, e outros de períodos anteriores.

A selección levada a cabo por Esther Regueira, comisaria da exposición, inclúe óleos, acuarelas, collages, obra textil e fotografía. Son pezas a través das que a artista reflexiona sobre o concepto e as dimensións sociopolíticas do traballo, especialmente o feminizado, recuperando por exemplo tecidos bordados por outras mulleres.

Victoria Gil forma parte do grupo de artistas xurdido no período tardío da Transición xunto a Federico Guzmán, Pedro G Romero ou Nuria Carrasco, entre outros. Como lembra Esther Regueira, “estivo posicionada nas correntes feministas desde os seus comezos, unha postura que evoluciona a partir do seu encontro coas artistas Bettina Semmer e Jutta Koether en 1987, cando ambas chegan a Sevilla para expoñer na galería La Máquina Española xunto con Rosemarie Trockel”.

Ese posicionamento fortaleceuse a partir da súa estadía a principios dos anos 90 en Nova York, onde entrou en contacto coas prácticas feministas da fotógrafa Barbara Ess ou a artista e editora Robin Kahn, coas que colaborou en diferentes proxectos. É entón cando o MOMA adquire *Houdina*, na que a artista intervéñ un poster de Harry Houdini modificando a imaxe e o xénero do escapista, para denunciar o contido sexista do mundo da publicidade. Trinta anos despois, Gil realiza unha nova versión deste traballo, incluído na mostra, demostrando deste xeito a vixencia da mensaxe política.

O seu dominio da pintura e do debuxo permítelle seguir arriscando de maneira osada a nivel formal, utilizando libremente diferentes técnicas. Ademais da pintura a artista recorre puntualmente a disciplinas como a escultura, a fotografía, as instalacións ou as prácticas textís, mantendo a ironía e transgresión como ferramentas fundamentais da súa obra.

Os imaxinarios da vida cotiá, os tabús impostos pola relixión, os abusos de poder, a cosificación das mulleres pola sociedade patriarcal ou o corpo e o desexo son algúns dos temas presentes no seu traballo. También se expoñen no C3A algúns proxectos colaborativos realizados desde mediados dos anos 90 como membro do colectivo GRATIS (composto por Federico Guzmán, Robin Kahn, Kirby Gookin e Victoria Gil) sobre o cuestionamento das nocións de autoría, explorando novos xeitos de facer arte desde prácticas vinculadas ao terreo do social ou sobre o troco e intercambio de bens e servizos.

Sobre a artista

Victoria Gil Lavado (Badajoz, 1963) é licenciada en Belas Artes pola Universidade de Sevilla, cidade na que reside actualmente.

A súa obra está presente en coleccións de arte como a do Museum of Modern Art (Nova York), o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (Madrid), o Banco de España (Madrid), o CA2M Centro de Arte 2 de Mayo (Comunidade de Madrid); Iniciararte (Junta de Andalucía); a Deputación Provincial de Málaga, o Concello de Carmona (Sevilla), a Fundación Coca-Cola España, o Concello de Utrera (Sevilla), o Museo Extremeño e Iberoamericano de Arte contemporáneo (Badajoz), o Centro Andaluz de Arte Contemporáneo (Sevilla), o Instituto Andaluz de la Mujer, a Colección Tom Pachett (California) e a Fundación Focus (Sevilla).

Sobre a comisaria

Esther Regueira é historiadora da arte, comisaria, produtora e editora. Desde comezos da década dos 90 vén desenvolvendo proxectos de arte contemporánea no eido nacional e internacional contemplando sempre o aspecto social e incluíndo unha perspectiva de xénero.

Realizou investigacións e recuperou traballos de artistas como Joan Jonas (1995) ou Trisha Brown (1998), e exposicións sobre a obra de Maura Shehaan, Chris Marker, Andrea Blum, Quico Rivas, Federico Guzmán, Alonso Gil ou Kimika, entre outros, para espazos como o Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía

(Madrid); o Museum of Modern Art (Nova York); o Museo Iberoamericano de Arte Contemporáneo (Badajoz); Les Musées de Marseille (Marsella); a Fundació Antoni Tàpies (Barcelona); Art & Idea (México D.F.); a Knitting Factory (Nova York); Artifariti (Campamentos de refuxiados do Sahara Occidental) ou o Centro Andaluz de Arte Contemporáneo (CAAC).

Foi coordinadora xeral de Manifesta 8 e directora do departamento de Publicacións da Fundación Internacional Manifesta. Na actualidade, forma parte da Xunta Directiva de MAV (Mujeres en las Artes Visuales).

Para máis información, solicitude de imaxes e entrevistas:

Emma Fernández Castro

emma.fernandez@fundacionluisseoane.gal

Tel. 981 216 015